



**SESIÓN ORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA DOUS DE  
OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E  
CINCO**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 2 de outubro de 2025. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcadesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edíes:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres  
D. Roberto Rodríguez Martínez  
D.ª Rosalía López Sánchez  
D.ª Susana Catalán Morcillo  
D. Gonzalo Mora do Campo  
D. Carlos San Claudio Yáñez  
D.ª Carmen María No Varela  
D. Roberto García Fernández  
D. Antonio Deus Álvarez  
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón  
D. Roberto Luis Coira Andrade  
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS  
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE  
(PsdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas  
D.ª Eudoxia María Neira Fernández  
D. Gonzalo Henrique Castro Prado  
D.ª Nereida María Canosa Domínguez  
D. Francisco Dinís Díaz Gallego  
D.ª Noemí Díaz Vázquez  
D. Manuel José Vázquez Martínez  
D.ª Diana María Sobral Cabanas  
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez  
D.ª Montserrat Paz Romero

**SESIÓN ORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA DOS DE  
OCTUBRE DE DOS MIL  
VEINTICINCO**

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 2 de octubre de 2025. Bajo la presidencia de la Excma. Sra. Alcadesa, dona Inés Rey García, y con la asistencia de los ediles:*

**GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO  
POPULAR (PP)**

*D. Miguel Lorenzo Torres  
D. Roberto Rodríguez Martínez  
D.ª Rosalía López Sánchez  
D.ª Susana Catalán Morcillo  
D. Gonzalo Mora do Campo  
D. Carlos San Claudio Yáñez  
D.ª Carmen María No Varela  
D. Roberto García Fernández  
D. Antonio Deus Álvarez  
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón  
D. Roberto Luis Coira Andrade  
D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

**GRUPO MUNICIPAL DE LOS  
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE  
(PsdeG-PSOE)**

*D. José Manuel Lage Tuñas  
D.ª Eudoxia María Neira Fernández  
D. Gonzalo Henrique Castro Prado  
D.ª Nereida María Canosa Domínguez  
D. Francisco Dinís Díaz Gallego  
D.ª Noemí Díaz Vázquez  
D. Manuel José Vázquez Martínez  
D.ª Diana María Sobral Cabanas  
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez  
D.ª Montserrat Paz Romero*



## **GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas  
D.<sup>a</sup> Avia Veira González  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Queixas Zas  
D. David José Soto Díaz

reúñese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### **I – PARTE RESOLUTIVA**

#### **ASUNTO 1**

##### **Comunicacións da Alcaldía**

**122. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia de xénero.**

##### **Intervencións**

##### **Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas. Benvidos á sesión ordinaria do Pleno do Concello correspondente ó mes de outubro. Damos a benvida ós membros da Corporación, ó señor secretario xeral, señor interventor xeral, personal municipal que nos acompaña, xornalistas e tamén todos aqueles que nos seguen dende a Tribuna de Convidados e a través do streaming.

## **GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas  
D.<sup>a</sup> Avia Veira González  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Queixas Zas  
D. David José Soto Díaz*

*se reúne, previa convocatoria regulamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez, hallándose además presente el interventor general, don Ángel David Murado Codesal.*

*A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

### **I – PARTE RESOLUTIVA**

#### **ASUNTO 1**

##### **Comunicaciones de la Alcaldía**

**122. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia de género.**

##### **Intervenciones**

##### **Presidencia**

*Muy buenos días a todos y a todas. Bienvenidos a la sesión ordinaria del Pleno del Ayuntamiento correspondiente al mes de octubre. Damos la bienvenida a los miembros de la Corporación, al señor secretario general, señor interventor general, personal municipal que nos acompaña, periodistas y también todos aquellos que nos siguen desde la Tribuna de Invitados y a través de la retransmisión en directo.*



Como saben, comenzaremos este pleno como todos os plenos ordinarios gardando tantos minutos de silencio como mulleres foran asasinadas pola violencia de xénero dende o anterior pleno. Segundo ós datos que facilita a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, o número de mulleres asasinadas no ano 2025 é de 28, quedando 36 menores orfos e orfas no 2024, 16 no 25 e 485 desde o ano 2013. O número de menores asasinados ou asasinadas ascende a 3 no ano 2025.

Desde o pleno do pasado mes de setembro confirmáronse dous asesinatos:

- O 16 de setembro de 2025, Ginesa de apelidos non coñecidos, de 64 anos, en Cartagena, Murcia.
- O 28 de setembro de 2025, unha muller de identidade non coñecida de 29 anos en Sevilla.

Polo tanto, solicito a todos que nos poñamos en pé.

**Gárdanse dous minutos de silencio.**

Moitas grazas.

**123. Declaración institucional con motivo da declaración por parte da ONU do 2025 como Ano Internacional das Cooperativas.**

**Presidencia**

Paso a dar lectura á declaración institucional do Concello da Coruña con motivo da declaración por parte da ONU do 2025 como Ano Internacional das Cooperativas.

O Concello da Coruña, como institución comprometida co fomento da economía

*Como saben, comenzaremos este pleno como todos los plenos ordinarios guardando tantos minutos de silencio como mujeres fuesen asesinadas por la violencia de género desde el anterior pleno. Según los datos que facilita la Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género, el número de mujeres asesinadas en el año 2025 es de 28, quedando 36 menores huérfanos y huérfanas en el 2024, 16 en el 25 y 485 desde el año 2013. El número de menores asesinados o asesinadas asciende a 3 en el año 2025.*

*Desde el pleno del pasado mes de setiembre se confirmaron dos asesinatos:*

- El 16 de septiembre de 2025, Ginesa de apellidos no conocidos, de 64 años, en Cartagena, Murcia.*
- El 28 de septiembre de 2025, una mujer de identidad no conocida de 29 años en Sevilla.*

*Por lo tanto, solicito a todos que nos pongamos en pie.*

***Se guardan dos minutos de silencio.***

*Muchas gracias.*

***124. Declaración institucional con motivo de la declaración por parte de la ONU de 2025 como Año Internacional de las Cooperativas.***

**Presidencia**

*Paso a dar lectura a la declaración institucional del Ayuntamiento de A Coruña con motivo de la declaración por parte de la ONU de 2025 como Año Internacional de las Cooperativas.*

*El Ayuntamiento de A Coruña, como institución comprometida con el fomento*



social e do cooperativismo na cidade, quere expresar a súa satisfacción pola decisión da Organización das Nacións Unidas de declarar o ano 2025 como Ano Internacional das Cooperativas baixo o lema “As cooperativas constrúen un mundo mellor”.

A Coruña é unha cidade cun tecido diverso cunha realidade urbana e tamén rururbana que se enriquece coa pluralidade dos seus sectores económicos e sociais. Neste contexto, a economía social e o cooperativismo representan unha oportunidade de futuro, contribúen a xerar emprego estable, a promover a igualdade de oportunidades e a impulsar a innovación á vez que reforzan a cohesión da comunidade.

As cooperativas forman parte esencial da economía social sendo unha das ferramentas más sólidas para demostrar que o progreso económico pode ir da man do respecto ambiental e da equidade social. Non falamos só dunha maneira de organizar empresas senón dunha visión compartida que aposta pola participación democrática, pola inclusión e polo compromiso cos retos do noso tempo.

Na provincia da Coruña a creación de cooperativas duplicouse nos últimos cinco anos, pasando de 21 constitucións no 2020 a 42 no 2024. O noso municipio acolle arredor do 20 % destas novas entidades o que mostra a capacidade da Coruña para atraer proxectos vinculados á economía social e á innovación. O Concello leva anos traballando a favor do emprendemento cooperativo e do desenvolvemento local a través de programas propios e de accións conxuntas e de compartir espazos con entidades representativas do territorio.

*de la economía social y del cooperativismo en la ciudad, quiere expresar su satisfacción por la decisión de la Organización de las Naciones Unidas de declarar el año 2025 como Año Internacional de las Cooperativas bajo el lema “Las cooperativas construyen un mundo mejor”.*

*A Coruña es una ciudad con un tejido diverso con una realidad urbana y también rururbana que se enriquece con la pluralidad de sus sectores económicos y sociales. En este contexto, la economía social y el cooperativismo representan una oportunidad de futuro, contribuyen a generar empleo estable, a promover la igualdad de oportunidades y a impulsar la innovación a la vez que refuerzan la cohesión de la comunidad.*

*Las cooperativas forman parte esencial de la economía social siendo una de las herramientas más sólidas para demostrar que el progreso económico puede ir de la mano del respeto ambiental y de la equidad social. No hablamos solo de una manera de organizar empresas sino de una visión compartida que apuesta por la participación democrática, por la inclusión y por el compromiso con los retos de nuestro tiempo.*

*En la provincia de A Coruña la creación de cooperativas se duplicó en los últimos cinco años, pasando de 21 constituciones en el 2020 a 42 en el 2024. Nuestro municipio acoge alrededor del 20 % de estas nuevas entidades lo que muestra la capacidad de A Coruña para atraer proyectos vinculados a la economía social y a la innovación. El Ayuntamiento lleva años trabajando a favor del emprendimiento cooperativo y del desarrollo local a través de programas propios y de acciones conjuntas y de compartir espacios con entidades representativas del territorio.*



A colaboración público privada articulada a través de instrumentos como os convenios de colaboración é unha mostra do valor de sumar esforzos para consolidar proxectos con capacidade transformadora. O Ano Internacional das Cooperativas é unha ocasión para poñer en valor este camiño e para reforzar as políticas públicas que favorezan o nacemento e a consolidación de empresas cooperativas. Supón tamén unha oportunidade para avanzar cara unha maior intercooperação e para facilitar o acceso aos fondos europeos e estatais que dan prioridade á economía social como eixo de desenvolvemento.

Con esta declaración o Concello da Coruña únese á celebración mundial do Ano Internacional das Cooperativas e reitera o seu compromiso coa promoción de modelos económicos más xustos, sostibles e innovadores. Queremos que a nosa cidade siga sendo exemplo de boa gobernanza, de dinamismo económico e de aposta pola inclusión, traballando sempre en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostenible.

Hoxe facemos un chamamento á ciudadanía, ás entidades sociais, ás institucións e ao conxunto do tecido económico para que comparten este espírito e se sumen á celebración contribuíndo a construír unha Coruña más próspera.

Con esta declaración A Coruña únese á celebración do Ano Internacional da Cooperativas e reafirma o seu compromiso coa promoción de modelos económicos sostibles, xustos e innovadores amosando como as cooperativas contribúen á creación dunha cidade más solidaria, sustentable e equitativa.

*La colaboración público privada articulada a través de instrumentos como los convenios de colaboración es una muestra del valor de sumar esfuerzos para consolidar proyectos con capacidad transformadora. El Año Internacional de las Cooperativas es una ocasión para poner en valor este camino y para reforzar las políticas públicas que favorezcan el nacimiento y la consolidación de empresas cooperativas. Supone también una oportunidad para avanzar hacia una mayor intercooperação y para facilitar el acceso a los fondos europeos y estatales que dan prioridad a la economía social como eje de desarrollo.*

*Con esta declaración el Ayuntamiento de A Coruña se une a la celebración mundial del Año Internacional de las Cooperativas y reitera su compromiso con la promoción de modelos económicos más justos, sostenibles e innovadores. Queremos que nuestra ciudad siga siendo ejemplo de buena gobernanza, de dinamismo económico y de apuesta por la inclusión, trabajando siempre en consonancia con los objetivos de desarrollo sostenible.*

*Hoy hacemos un llamamiento a la ciudadanía, a las entidades sociales, a las instituciones y al conjunto del tejido económico para que comparten este espíritu y se sumen a la celebración contribuyendo a construir una Coruña más próspera.*

*Con esta declaración A Coruña se une a la celebración del Año Internacional de la Cooperativas y reafirma su compromiso con la promoción de modelos económicos sostenibles, justos e innovadores mostrando como las cooperativas contribuyen a la creación de una ciudad más solidaria, sostenible y equitativa.*



## ÁREA DE ALCALDÍA

### Dirección da Área de Asesoría Xurídica

#### **Servizo de Asesoría Xurídica**

#### **ASUNTO 2**

##### **124. Expte. 112/2025/278**

**Comparecencia no procedemento ordinario 4204/2025 promovido pola Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra o acordo plenario do 05.06.2025 de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 29 de setembro de 2025, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 4204/2025 promovido por Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra acordo plenario do 5 de xuño de 2025 sobre aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.

2º.- A tal fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica D. Carlos Pérez González e aos letrados dos Servizos Xurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García e

## ÁREA DE ALCALDÍA

### Dirección del Área de Asesoría Jurídica

#### *Servicio de Asesoría Jurídica*

#### **ASUNTO 2**

##### **125. Expte. 112/2025/278**

*Comparecencia en el procedimiento ordinario 4204/2025 promovido por la Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra el acuerdo plenario del 05.06.2025 de aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las vivendas de uso turístico de A Coruña.*

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 29 de septiembre de 2025, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 4204/2025 promovido por Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 sobre aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las vivendas de uso turístico de A Coruña.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. Carlos Pérez González y a los letrados de los Servicios Jurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández*



D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

### ASUNTO 3

#### 126. Expte. 112/2025/279

**Comparecencia no procedemento ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra o acordo plenario do 05.06.2025 de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 29 de setembro de 2025, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra acordo plenario do 5 de xuño de 2025 sobre aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.

2º.- A tal fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica D. Carlos Pérez González e aos letrados dos Servizos Xurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García e D.

*García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

### ASUNTO 3

#### 126. Expte. 112/2025/279

*Comparecencia en el procedimiento ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra el acuerdo plenario del 05.06.2025 de aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las viviendas de uso turístico de A Coruña.*

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 29 de septiembre de 2025, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 sobre aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las viviendas de uso turístico de A Coruña.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. Carlos Pérez González y a los letrados de los Servicios Jurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández*



Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

*García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

## Intervencións

### Presidencia

Pasamos ó asunto dous e tres da Área de Alcaldía. Señor secretario.

### Señor Secretario

Asunto número dous, Comparecencia no procedemento ordinario 4204/2025 promovido pola Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia contra o acordo plenario do 5 de xuño de 2025 de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.

E asunto número tres, Comparecencia no procedemento ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra o acordo plenario do 5 de xuño de 2025 de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.

De conformidade co aprobado na Comisión de Portavoces, se dará conta destes asuntos e se pasará directamente á votación.

### Presidencia

Ben, pois como xa teñen a documentación, se trata de dous acordos plenarios no que se establece o personamento en dous procedementos ordinarios onde se recurre a Ordenanza das vivendas de uso turístico e tamén se acorda conferir a representación

## Intervenciones

### Presidencia

*Pasamos al asunto dos y tres del área de Alcaldía. Señor secretario.*

### Señor Secretario

*Asunto número dos, Comparecencia en el procedimiento ordinario 4204/2025 promovido por la Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra el acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 de aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las viviendas de uso turístico de A Coruña.*

*Y asunto número tres, Comparecencia en el procedimiento ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra el acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 de aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las viviendas de uso turístico de A Coruña.*

*De conformidad con lo aprobado en la Comisión de Portavoces, se dará cuenta de estos asuntos y se pasará directamente a la votación.*

### Presidencia

*Bien, pues como ya tienen la documentación, se trata de dos acuerdos plenarios en el que se establece el personamiento en dos procedimientos ordinarios donde se recurre la Ordenanza de las viviendas de uso turístico y también se acuerda conferir la representación*



municipal tanto ó director da Asesoría Xurídica como ós letrados dos servizos xurídicos municipais. Polo tanto, sen máis, procedemos á votación do asunto número dous.

### **Votación do asunto número dous**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo municipal do Partido Popular (12 abstencíóns)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

### **Presidencia**

Queda aprobado.

### **Acordo**

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 4204/2025 promovido por Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra acordo plenario do 5 de xuño de 2025 sobre aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.

2º.- A tal fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica D. Carlos Pérez González e aos letrados dos Servizos Xurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de

*municipal tanto al director de la Asesoría Jurídica como a los letrados de los servicios jurídicos municipales. Por lo tanto, sin más, procedemos a la votación del asunto número dos.*

### **Votación del asunto número dos**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Se abstiene el Grupo municipal del Partido Popular (12 abstenciones)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

### **Presidencia**

*Queda aprobado.*

### **Acuerdo**

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 4204/2025 promovido por Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia contra acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 sobre aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las viviendas de uso turístico de A Coruña.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. Carlos Pérez González y a los letrados de los Servicios Jurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de*



resolucíons que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

### **Votación do asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo municipal do Partido Popular (12 abstencións)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

### **Presidencia**

Grazas. Queda aprobado.

### **Acordo**

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra acordo plenario do 5 de xuño de 2025 sobre aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña.

2º.- A tal fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica D. Carlos Pérez González e aos letrados dos Servizos Xurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucíons que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

*resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

### **Votación del asunto número tres**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Se abstiene el Grupo municipal del Partido Popular (12 abstenciones)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

### **Presidencia**

*Gracias. Queda aprobado.*

### **Acuerdo**

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 4213/2025 promovido por GLV contra acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 sobre aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora de las viviendas de uso turístico de A Coruña.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. Carlos Pérez González y a los letrados de los Servicios Jurídicos Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*



**CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E  
PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA**

**Dirección da Área de Economía e  
Facenda**

**Servizo de Xestión Tributaria**

**ASUNTO 4**

**126. Expte. FRA/2025/3**

Aprobación definitiva da nova Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local para adaptala á Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 29 de setembro de 2025, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Primeiro. Desestimar as alegacións presentadas, en base aos fundamentos expostos ao longo deste informe, coas seguintes referencias: RMPE191GI1 (presentada por Héctor Cañete del Campo, en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería da Coruña) e RMPE191IJ2 (presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular da Coruña), con motivación in aliunde no informe referido, do que se lles dará traslado ás persoas alegantes.

**CONCEJALÍA DE ECONOMÍA Y  
PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA**

**Dirección del Área de Economía y  
Hacienda**

**Servicio de Gestión Tributaria**

**ASUNTO 4**

**126. Expte. FRA/2025/3**

Aprobación definitiva de la nueva Ordenanza fiscal número 6, reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida, gestión, transporte y tratamiento de residuos de competencia local para adaptarla a la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular.

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 29 de septiembre de 2025, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y el voto en contra del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:

Primero. Desestimar las alegaciones presentadas, en base a los fundamentos expuestos a lo largo de este informe, con las siguientes referencias: RMPE191GI1 (presentada por Héctor Cañete del Campo, en representación de la Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña) y RMPE191IJ2 (presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular de A Coruña), con motivación in aliunde en el informe referido, del que se les dará traslado a las personas alegantes.



Segundo. Acordar de forma definitiva a imposición e aprobación da nova Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local para adaptala á Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e suelos contaminados para unha economía circular, conforme ao texto que figura como anexo neste documento.

Terceiro. O texto íntegro da citada ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación e sendo de aplicación desde ese día, agás o previsto na Disposición transitoria única. Así mesmo, publicarase no Portal de transparencia desta Administración municipal.

Cuarto. Facultar á alcaldesa-presidenta tan ampliamente como sexa posible en derecho para garantir a plena efectividade do presente acordo.

**(Xúntase a esta acta como anexo a citada ordenanza).**

### Intervencións

#### Presidencia

Concellería de Economía e Planificación Estratégica, asunto número catro. Señor secretario.

#### Señor Secretario

Aprobación definitiva da nova Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local para adaptala á Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e suelos contaminados para unha economía circular.

*Segundo. Acordar de forma definitiva la imposición y aprobación de la nueva Ordenanza fiscal número 6, reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida, gestión, transporte y tratamiento de residuos de competencia local para adaptarla a la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular, conforme al texto que figura como anexo en este documento.*

*Tercero. El texto íntegro de la citada ordenanza se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia, entrando en vigor al día siguiente de su publicación y siendo de aplicación desde ese día, excepto lo previsto en la Disposición transitoria única. Asimismo, se publicará en el Portal de transparencia de esta Administración municipal.*

*Cuarto. Facultar a la alcaldesa-presidenta tan ampliamente como sea posible en derecho para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.*

***(Se adjunta a esta acta como anexo la citada ordenanza).***

### Intervenciones

#### Presidencia

Concejalía de Economía y Planificación Estratégica, asunto número cuatro. Señor secretario.

#### Señor Secretario

*Aprobación definitiva de la nueva Ordenanza fiscal número 6, reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida, gestión, transporte y tratamiento de residuos de competencia local para adaptarla a la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular.*



## **Presidencia**

Ten a palabra o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas e despois hai unha quenda de debate de catro minutos. Señor Lage, cando queira.

## **Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

Hoxe traemos aquí a Pleno a aprobación definitiva da Ordenanza número 6 que, como saben, é a que regula en termos fiscais o coste de recollida, xestión, transporte e tratamiento de residuos, unha actuación semellante á que teñen que aplicar o resto de concellos en Galicia e no resto de España, para axustar os seus canons ó Regulamento aprobado por Bruxelas e que aprobamos xa de xeito inicial neste mesmo pleno o pasado mes de xullo.

Cabe contextualizar o punto no que estamos. Despois da aprobación inicial no mes de xullo abreuse un período de participación pública onde so constan dúas alegacións ó conxunto do articulado e da modificación da Ordenanza fiscal número 6. Unha delas corresponde a un grupo político, neste caso do Partido Popular. Non debemos de evaluar se o feito de que houbese moita ou pouca participación significa algo, pero en calquera caso, o que sabe a maioría da poboación informada e que se interesou por este asunto é que o que estamos a cumplir é a transposición dunha directiva comunitaria. Esta transposición de directiva comunitaria hai un tempo para facela, nós estamos no límite neste ano 25. Cabe recordar que foi o propio Concello de Madrid un dos primeiros en aplicala e significa, nin máis nin menos, que trasladar os costes dos servizos ós cidadáns. É decir, que non podemos ter un servizo que sea deficitario.

## **Presidencia**

*Tiene la palabra el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas y después hay un turno de debate de cuatro minutos. Señor Lage, cuando quiera.*

## **Señor Lage Tuñas**

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.*

*Hoy traemos aquí a Pleno la aprobación definitiva de la Ordenanza número 6 que, como saben, es la que regula en términos fiscales el coste de recogida, gestión, transporte y tratamiento de residuos, una actuación semejante a la que tienen que aplicar el resto de ayuntamientos en Galicia y en el resto de España, para ajustar sus cánones al Reglamento aprobado por Bruselas y que aprobamos ya de manera inicial en este mismo pleno el pasado mes de julio.*

*Cabe contextualizar el punto en el que estamos. Después de la aprobación inicial en el mes de julio se abrió un período de participación pública donde solo constan dos alegaciones al conjunto del articulado y de la modificación de la Ordenanza fiscal número 6. Una de ellas corresponde a un grupo político, en este caso del Partido Popular. No debemos de evaluar si el hecho de que hubiera mucha o poca participación significa algo, pero en cualquier caso, lo que sabe la mayoría de la población informada y que se interesó por este asunto es que lo que estamos cumpliendo es la transposición de una directiva comunitaria. Esta transposición de directiva comunitaria hay un tiempo para hacerla, nosotros estamos en el límite en este año 25. Cabe recordar que fue el propio Ayuntamiento de Madrid uno de los primeros en aplicarla y significa, nada más y nada menos, que trasladar los costes de los servicios a los ciudadanos. Es decir, que no podemos tener un servicio que sea*



deficitario.

## Ás dez horas e dezaoito minutos sae do Salón de Sesións o señor Castro Prado.

Neste caso cabe recordar que o coste dos servizos ó que alude a Ordenanza número 6 está por debaixo da metade do que sufraga calquera cidadán cos seus impostos. Polo tanto, estamos nunha situación, pois comparativamente con calquera concello, eu podería aquí facer unha referencia a tódalas capitales de provincia en España e veríamos como son os datos do ano 2024, somos a quinta provincia con menos... a quinta capital de provincia, perdón, cunha cuota máis baixa. Isto non é, máis que nada, información, é un tema estadístico. Evidentemente hai moitas singularidades e características moi diferenciadas dependendo de como se prestan os servicios, incluso como naceron, como se desenvolveron. Polo tanto, non importa máis que un dato numérico que, bueno, os cidadáns ás veces tamén fan esa comparativa.

Se nos aproximamos un pouco máis ó noso país, creo que podo decir, pódemo comprobar calquera de vostedes, que A Coruña é a cidade de Galicia que ten o coste máis baixo en termos de impostos sobre recollida e tratamiento de residuos. Cabe recordar, por falar da outra cidade que tamén ten un volumen importante de habitantes, como é Vigo, que este ano teñen que afrontar un coste de 138 € anuais. Sen ir máis lonxe, nos concellos limítrofes tamén vemos subidas relevantes, concellos limítrofes, como Arteixo, onde o recibo subiu un 28 % e os costes están por riba dos 100 €. É máis, ou cos nosos socios dende fai anos, o Consorcio das Mariñas, estableceu este ano unha cuota de 169,88 € por ano, que é bastante máis do que pode chegar a pagar un fogar medio coruñés no ano

*A las diez horas y dieciocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Castro Prado.*

*En este caso cabe recordar que el coste de los servicios al que alude la Ordenanza número 6 está por debajo de la mitad del que sufraga cualquier ciudadano con sus impuestos. Por lo tanto, estamos en una situación, pues comparativamente con cualquier ayuntamiento, yo podría aquí hacer una referencia a todas las capitales de provincia en España y veríamos cómo son los datos del año 2024, somos la quinta provincia con menos... la quinta capital de provincia, perdón, con una cuota más baja. Esto no es, más que nada, información, es un tema estadístico. Evidentemente hay muchas singularidades y características muy diferenciadas dependiendo de cómo se prestan los servicios, incluso cómo nacieron, cómo se desarrollaron. Por lo tanto, no importa más que un dato numérico que, bueno, los ciudadanos a veces también hacen esa comparativa.*

*Si nos aproximamos un poco más a nuestro país, creo que puedo decir, lo pueden comprobar cualquiera de ustedes, que A Coruña es la ciudad de Galicia que tiene el coste más bajo en términos de impuestos sobre recogida y tratamiento de residuos. Cabe recordar, por hablar de la otra ciudad que también tiene un volumen importante de habitantes, como es Vigo, que este año tienen que afrontar un coste de 138 € anuales. Sin ir más lejos, en los ayuntamientos limítrofes también vemos subidas relevantes, ayuntamientos limítrofes, como Arteixo, donde el recibo subió un 28 % y los costes están por encima de los 100 €. Es más, o con nuestros socios desde hace años, el Consorcio de As Mariñas, estableció este año una cuota de 169,88 € por año, que es bastante más de lo que puede llegar a pagar un hogar*



2027.

Cabe recordar, como lles dicía ó comezo, que a normativa europea obriga a repercutir o custe do servicio nos usuarios. No noso caso, a recadación non cubre nin a metade dese custe, partemos dunha tarifa moi baixa, seguimos a ser despois desta aprobación que se produzca en Pleno a cidade de Galicia que ten o recibo do lixo máis baixo e ademais entramos nunha parte que eu creo que é importante: na posta en marcha de medidas de concienciación cidadá para a redución da xeración de residuos e na correcta reciclaxe dos mesmos.

A través desta ordenanza fiscal na Coruña imos aplicar un novo modelo que consistirá nunha cantidade fixa e nunha cota variable en función do consumo de auga e do roteiro de recollida conforme ó contrato de lixo que temos. As variables inclúense para que as familias con menos membros e, polo tanto, con menor producción de residuos, paguen menos. Non estamos inventando nada, por agora os modelos que existen son os que se poden aplicar e todo quedará condicionado a unha evolución futura que teña que ver cos novos contratos que se establezcan nos vindeiros anos. É evidente que buscar un equilibrio ente a xeración de residuos y a repercusión xusta do seu custe é algo que busca calquera administración. Se intenta acertar con esta ordenanza reguladora e tamén se intenta cumplir co que é unha obriga legal.

Cabe recordar que a proposta, para todos os que poidan estar seguindo o pleno, é que no ano 2026 a cantidade fixa sexa de 60,98 € á que se tería que sumar unha variable en función de metros cúbicos de auga consumidos mensualmente e outra vinculada ás rutas do transporte de recollida de lixo. Tanto a cantidade fixa

medio coruñés en el año 2027.

*Cabe recordar, como les decía al comienzo, que la normativa europea obliga a repercutir el coste del servicio en los usuarios. En nuestro caso, la recaudación no cubre ni la mitad de ese coste, partimos de una tarifa muy baja, seguimos siendo después de esta aprobación que se produzca en Pleno la ciudad de Galicia que 15iene el recibo de la basura más bajo y además entramos en una parte que yo creo que es importante: en la puesta en marcha de medidas de concienciación ciudadana para la reducción de la generación de residuos y en el correcto reciclaje de los mismos.*

*A través de esta ordenanza fiscal en A Coruña vamos a aplicar un nuevo modelo que consistirá en una cantidad fija y en una cuota variable en función del consumo de agua y de la ruta de recogida conforme al contrato de basura que tenemos. Las variables se incluyen para que las familias con menos miembros y, por lo tanto, con menor producción de residuos, paguen menos. No estamos inventando nada, por ahora los modelos que existen son los que se pueden aplicar y todo quedará condicionado a una evolución futura que tenga que ver con los nuevos contratos que se establezcan en los próximos años. Es evidente que buscar un equilibrio entre la generación de residuos y la repercusión justa de su coste es algo que busca cualquier administración. Se intenta acertar con esta ordenanza reguladora y también se intenta cumplir con lo que una obligación legal.*

*Cabe recordar que la propuesta, para todos los que puedan estar siguiendo el pleno, es que en el año 2026 la cantidad fija sea de 60,98 € a la que se tendría que sumar una variable en función de metros cúbicos de agua consumidos mensualmente y otra vinculada a las rutas del transporte de recogida de basura.*



como a variable irán experimentando actualizacíóns progresivas ata o ano 2029. É decir, non se fai unha subida desproporcionada pasando de 0 a 100, senón que se fai de maneira progresiva para poder adaptala a partir do ano 27 ós novos contratos e ás novas actualizacíóns derivadas de tódalas políticas de redución de residuos e ás variables que se introduzcan cos pliegos que haxa desde o ámbito ambiental. Facémolo así porque entendemos que é unha transición máis suave, que mantién máis estable a cantidade fixa, se intenta evitar un impacto directo nas economías familiares e de paso tamén ir concienciando á cidadanía sobre a importancia de coidar os nosos recursos hídricos e de fomentar os aforros en términos de economía sostenible.

**Ás dez horas e vinte e catro minutos entra no Salón de Sesións o señor Castro Prado.**

Quero rematar recordando que non estamos a poñer en marcha unha medida illada, senón unha norma que é acordada no seo da Comisión Europea á cal se traspón ó ámbito estatal e así se traslada ó ámbito municipal. O feito de que non se actualicen as tarifas podría ter implicacíóns de sancións económicas para todas aquelas entidades locais que non o fagan e, polo tanto, estamos a falar concretamente dos concellos de máis de 5.000 habitantes e, polo tanto, non solo a cidade debe de cumplir, senón que debe de facelo da mellor forma posible.

Poderíalles dar exemplos, eu creo que os coñecen, non se trata de salientar aquí tanto costa noutro concello, pero a realidade é que os números, pois permiten ver que a formulación progresiva da aplicación desta taxa vamos a elevala cun período, bueno, pois bastante suave, non?

*Tanto la cantidad fija como la variable irán experimentando actualizaciones progresivas hasta el año 2029. Es decir, no se hace una subida desproporcionada pasando de 0 a 100, sino que se hace de manera progresiva para poder adaptarla a partir del año 27 a los nuevos contratos y a las nuevas actualizaciones derivadas de todas las políticas de reducción de residuos y a las variables que se introduzcan con los pliegos que haya desde el ámbito ambiental. Lo hacemos así porque entendemos que es una transición más suave, que mantiene más estable a cantidad fija, se intenta evitar un impacto directo en las economías familiares y de paso también ir concienciando a la ciudadanía sobre la importancia de cuidar nuestros recursos hídricos y de fomentar los ahorros en términos de economía sostenible.*

*A las diez horas y veinticuatro minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Castro Prado.*

*Quiero finalizar recordando que no estamos poniendo en marcha una medida aislada, sino una norma que es acordada en el seno de la Comisión Europea a la cual se traspone al ámbito estatal y así se traslada al ámbito municipal. El hecho de que no se actualicen las tarifas podría tener implicaciones de sanciones económicas para todas aquellas entidades locales que no lo hagan y, por lo tanto, estamos hablando concretamente de los ayuntamientos de más de 5.000 habitantes y, por lo tanto, no solo a ciudad debe cumplir, sino que debe hacerlo de la mejor forma posible.*

*Les podría dar ejemplos, yo creo que los conocen, no se trata de destacar aquí cuanto cuesta en otro ayuntamiento, pero la realidad es que los números, pues permiten ver que el planteamiento progresivo de la aplicación de esta tasa vamos a elevarla con un período, bueno,*



Creo que a ninguén lle gusta pagar máis, creo que é preciso adaptarse ás normas e creo que tamén é preciso actuar con certa coherencia, non? Creo que a xestión dos residuos é un dos retos que hai, non neste concello, senón en xeral e polo tanto creo que cada vez se prestará menos á demagogoxia e máis á responsabilidade á hora de abordar debates destas características. Desde o punto de vista fiscal, o que estamos a facer é, nin máis nin menos, que cumplir cunha normativa. Entendo perfectamente algunas formulacións que teñen feito os grupos con respecto ás melloras que se poidan introducir ós servicios e incluso a cuestións que teñen que ver con políticas concretas que supoñan incrementar a concienciación e tamén a redución de residuos. Todo iso forma parte, seguramente deste debate, pero de debates un pouco máis amplios. En calquera caso, estamos diante dunha decisión que ten que ver cun marco normativo e o que estamos a facer é aplicala.

Creo que sendo respectables as alegacións formuladas, creo que non teñen encaixe dentro do marco ó que estamos a referirnos e, polo tanto, bueno, hoxe trátase de dar o seguinte paso que é a aprobación definitiva. Se houbese posibilidades de mellora na Ordenanza número 6 creo que imos a ter oportunidade antes de que remate o ano de abordalo. En calquera caso, bueno, decírille ós grupos municipais que se consideran que hai algo que aínda pode ser modificable, pois estamos abertos coa man tendida a intentar introducir melloras.

E nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

*pues bastante suave, ¿no? Creo que a nadie le gusta pagar más, creo que es preciso adaptarse a las normas y creo que también es preciso actuar con cierta coherencia, ¿no? Creo que la gestión de los residuos es uno de los retos que hay, no en este ayuntamiento, sino en general y por lo tanto creo que cada vez se prestará menos a la demagogia y más a la responsabilidad a la hora de abordar debates de estas características. Desde el punto de vista fiscal, lo que estamos haciendo es, nada más y nada menos, que cumplir con una normativa. Entiendo perfectamente algunos planteamientos que han hecho los grupos con respecto a las mejoras que se puedan introducir a los servicios e incluso la cuestiones que tienen que ver con políticas concretas que supongan incrementar la concienciación y también la reducción de residuos. Todo eso forma parte, seguramente de este debate, pero de debates un poco más amplios. En cualquier caso, estamos ante una decisión que tiene que ver con un marco normativo y lo que estamos haciendo es aplicarla.*

*Creo que siendo respetables las alegaciones formuladas, creo que no tienen encaje dentro del marco al que estamos refiriéndonos y, por lo tanto, bueno, hoy se trata de dar el siguiente paso que es la aprobación definitiva. Si hubiera posibilidades de mejora en la Ordenanza número 6 creo que vamos a tener oportunidad antes de que finalice el año de abordarlo. En cualquier caso, bueno, decírle a los grupos municipales que si consideran que hay algo que aún puede ser modificable, pues estamos abiertos con la mano tendida a intentar introducir mejoras.*

*Y nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

*Muchas gracias.*



Comezamos o turno de intervencións polo BNG. Señor Jorquera.

**Señor Jorquera Caselas**

Moitas grazas.

*Vamos a ver, procurando ser muy breve. Yo soy muy malo para memorizar reglamentos, pero desde que soy concejal —pasaron ya seis años— la mecánica siempre es la misma: si hay una enmienda, se vota primero la enmienda y si prospera la enmienda, en caso de que sea una enmienda de sustitución, sustituye a la propuesta original. En el caso, como es este caso, que sea una enmienda de adición y prospera el texto original más esa adición. Es que hicimos siempre así.*

*Yo insisto, el BNG no tiene ningún problema en que se reforme el ROM e hicimos propuestas a ese respecto, pero esta es práctica asentada desde siempre, con lo cual no estamos ante un supuesto distinto del que se da en todos los plenos ordinarios.*

### **Presidencia**

*Un momento, va a hablar el señor Secretario General, pero creo que aquí no se discute si se aprueba o no, aquí, al PP lo que le... a ver si digo el verbo, ¿eh?, lo que le molesta, por así decirlo es que claro, como votan en contra de la adición, queda en el acta que votan en contra de la moción que presentaron y eso es lo que ellos no quieren, pero claro, el Reglamento es así. Entonces...*

*Sí, señora López, como a mí no me creen, lo va a explicar el señor Secretario.*



**Señor Secretario**

*Imos ver, a cuestión está perfectamente regulada e foi práctica corporativa polo menos en todos os anos que levo aquí, baixo tres mandatos, de diferente sentido, que é a seguinte: di artigo 60: Cando existan emendas ou votos particulares, someteranse en primeiro lugar a votación, en primeiro lugar, as emendas e votos particulares, e en último as propostas. Se o resultado dunha votación é positivo, non haberá máis debate nin votacións sobre o mesmo obxecto concreto da votación.*

**Presidencia**

Ben. Está clarísimo. Eu sinto moito que incurran nesa contradicción de non querer a engádega e querer a súa moción, pero a súa parte vai, aínda que votaran en contra da engádega.

**Señor Lorenzo Torres**

*A contradicción é a non posibilidade de votar a que se adhire á outra, porque unha vez aprobada, eu non sei se van aprobala ou non.*

**Presidencia**

Claro, pero bo, quede tranquilo que todos sabemos que vostedes querían votar a favor da súa moción, pero...

**Señor Lorenzo Torres**

*Sen dúbida.*

**Presidencia**

*...tiveron que votar en contra. E xa está. O caso é que hai acordo.*

Listo? Estamos? A prensa tamén? Si..., non sei, (...) aí o cable de... coa explicación.

**Señor Secretario**

Vamos a ver, la cuestión está perfectamente regulada y ha sido práctica corporativa por lo menos en todos los años que llevo aquí, bajo tres mandatos, de diferente sentido, que es la siguiente: dice artículo 60: Cuando existan enmiendas o votos particulares, se someterán en primer lugar a votación, en primer lugar, las enmiendas y votos particulares, y en último las propuestas. Si el resultado de una votación es positivo, no habrá más debate ni votaciones sobre el mismo objeto concreto de la votación.

**Presidencia**

*Bien. Está clarísimo. Yo siento mucho que incurran en esa contradicción de no querer la adición y querer su moción, pero su parte va, aunque hayan votado en contra de la adición.*

**Señor Lorenzo Torres**

La contradicción es la no posibilidad de votar la que se adhiere a la otra, porque una vez aprobada, yo no sé si van a aprobarla o no.

**Presidencia**

*Claro, pero bueno, quede tranquilo que todos sabemos que ustedes querían votar a favor de su moción, pero...*

**Señor Lorenzo Torres**

*Sin duda.*

**Presidencia**

*...tuvieron que votar en contra. Y ya está. El caso es que hay acuerdo.*

*¿Listo? ¿Estamos? ¿La prensa también? Sí..., no sé, (...) ahí el cable de... con la explicación.*



Vale, queda aprobada.

**135. Moción do Grupo municipal do Partido Popular emendada polos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego relativa ao mantemento de colexios públicos.**

**Acordo**

Instar o Goberno municipal a:

1. Asegurar que a empresa adxudicataria do contrato de mantemento de colexios públicos realice coa maior brevidade os traballos pendentes.
2. Establecer un mecanismo de seguimento e control das incidencias comunicadas polos centros educativos para a súa resolución en prazos razonables.
3. Executar todo o orzamento establecido para a mellora dos centros educativos da cidade.
4. Instar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia a restituír as prazas de profesorado eliminadas este curso e dotar aos centros educativos da cidade dos recursos docentes necesarios, segundo as solicitudes rexistradas polos equipos directivos, nomeadamente os especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), para garantir o dereito a unha educación equitativa e inclusiva.
5. Instar o Goberno galego da Xunta de Galicia a incluír no Orzamento autonómico para o ano 2026 o inicio do procedemento para acometer as rehabilitacións integrais e reformas completas necesarias en todos aqueles CEIP que precisen de tales actuacións, nomeadamente sensibles nos CEIP Cidade Vella e CEIP Prácticas.

*Vale, queda aprobada.*

*135. Moción del Grupo municipal del Partido Popular enmendada por los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego relativa al mantenimiento de colegios públicos.*

**Acuerdo**

*Instar al Gobierno municipal a:*

1. *Asegurar que la empresa adjudicataria del contrato de mantenimiento de colegios públicos realice con la mayor brevedad posible los trabajos pendientes.*
2. *Establecer un mecanismo de seguimiento y control de las incidencias comunicadas por los centros educativos para su resolución en plazos razonables.*
3. *Ejecutar todo el presupuesto establecido para la mejora de los centros educativos de la ciudad.*
4. *Instar a la Consellería de Educación de la Xunta de Galicia a restituir las plazas de profesorado eliminadas este curso y dotar a los centros educativos de la ciudad de los recursos docentes necesarios, según las solicitudes registradas por los equipos directivos, principalmente los especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT) y Audición y Lenguaje (AL), para garantizar el derecho a una educación equitativa e inclusiva.*
5. *Instar al Gobierno gallego de la Xunta de Galicia a incluir en el Presupuesto autonómico para el año 2026 el inicio del procedimiento para acometer las rehabilitaciones integrales y reformas completas necesarias en todos aquellos CEIP que precisen de tales actuaciones, principalmente sensibles en los CEIP Ciudad Vieja y CEIP Prácticas.*



6. Instar a Xunta de Galicia a actualizar e asinar o Pacto Local pola Educación coa FEGAMP, cara a asumir completamente as competencias autonómicas propias no ámbito educativo, pactando a definición delimitada de aquellas accións a realizar para cada unha das partes implicadas no acordo que se acade.

*6. Instar a la Xunta de Galicia a actualizar y firmar el Pacto Local por la Educación con la FEGAMP, en relación a asumir completamente las competencias autonómicas propias en el ámbito educativo, pactando la definición delimitada de aquellas acciones a realizar para cada una de las partes implicadas en el acuerdo que se alcance.*

**3º. Preguntas de resposta oral.**

**PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL  
PRESENTADAS POLO GRUPO  
MUNICIPAL DO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira.** Pregunta de resposta oral sobre a xestión do servizo de actividades deportivas.

**Intervencións**

**Presidencia**

Pode saír, señora Veira.

Comezamos coas preguntas de resposta oral do BNG sobre as actividades deportivas.

Pode saír, señor San Claudio.

Adiante, señor Soto.

**Ás trece horas e trinta e dous minutos saen do Salón de Sesións a señora Veira González e o señor San Claudio Yáñez.**

**Señor Soto Díaz**

Grazas, señora alcaldesa.

Como valora o Goberno local a súa xestión do servizo de escolas ou actividades deportivas?

***3º. Preguntas de respuesta oral.***

**PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL  
PRESENTADAS POR EL GRUPO  
MUNICIPAL DEL BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO**

**Primera.** Pregunta de respuesta oral sobre la gestión del servicio de actividades deportivas.

**Intervenciones**

**Presidencia**

Puede salir, señora Veira.

Comenzamos con las preguntas de respuesta oral del BNG sobre las actividades deportivas.

Puede salir, señor San Claudio.

Adelante, señor Soto.

**A las trece horas y treinta y dos minutos salen del Salón de Sesiones la señora Veira González y el señor San Claudio Yáñez.**

**Señor Soto Díaz**

Gracias, señora alcaldesa.

*¿Cómo valora el Gobierno local su gestión del servicio de escuelas o actividades deportivas?*



**Señor Vázquez Martínez**

*Grazas, señor Soto. Valorámolo de forma positiva.*

**Señor Soto Díaz**

Para nós a avaliación é máis ben de debe mellorar porque deben mellorar as condicións laborais das e dos traballadores, en particular debe mellorar o seu salario, que apenas supera en contía ó salario mínimo interprofesional, nunha cidade onde o custo da vida non para de incrementarse. Tamén deben mellorar os contratos laborais, pois abondan os traballadores fixos discontinuos e fano nun servizo que funciona ó longo de todo o ano e sobre todo que ten demanda ó longo de todo o ano, mais tamén deben mellorar outras condicións laborais, por exemplo, permitindo que as e os traballadoras podan exercitarse no ximnasio. Lembremos que son traballadoras que sufren estrés físico por causa das súas obrigas laborais. Deben, por tanto, coidarse, más contando con instalacións propiedade do Concello... mais, perdón, contando con instalacións propiedade do Concello non se lles deixa adestrar, como se facía antes e se deixou de permitir sen dar explicacións. Pero debe mellorar tamén a descripción das tarefas que se lles encomandan a estes traballadores e traballadoras, que fan moito máis que ocuparse das escolas deportivas, pois organizan numerosos eventos deportivos ó longo do ano, case todos eles fóra do seu horario laboral. Teñamos en conta que as carreiras populares van da súa man, que “A Coruña no mar” vai da súa man, que “A Coruña en forma” vai da súa man.

E tamén debe mellorar o estado das oficinas do servizo, que se achan nun estado de abandono e onde nin sequera a sinaléctica é adecuada. E por suposto, debe mellorar tamén esa práctica tan

**Señor Vázquez Martínez**

*Gracias, señor Soto. Lo valoramos de forma positiva.*

**Señor Soto Díaz**

*Para nosotros la evaluación es más bien de debe mejorar porque deben mejorar las condiciones laborales de las y de los trabajadores, en particular debe mejorar su salario, que apenas supera en cuantía al salario mínimo interprofesional, en una ciudad donde el coste de la vida no para de incrementarse. También deben mejorar los contratos laborales, pues abundan los trabajadores fijos discontinuos y lo hacen en un servicio que funciona a lo largo de todo el año y sobre todo que tiene demanda a lo largo de todo el año, pero también deben mejorar otras condiciones laborales, por ejemplo, permitiendo que las y los trabajadoras puedan ejercitarse en el gimnasio. Recordemos que son trabajadoras que sufren estrés físico por causa de sus obligaciones laborales. Deben, por tanto, cuidarse, más contando con instalaciones propiedad del Ayuntamiento... mas, perdón, contando con instalaciones propiedad del Ayuntamiento no se les deja entrenar, como se hacía antes y se dejó de permitir sin dar explicaciones. Pero debe mejorar también la descripción de las tareas que se les encomiendan a estos trabajadores y traballadoras, que hacen mucho más que ocuparse de las escuelas deportivas, pues organizan numerosos eventos deportivos a lo largo del año, casi todos ellos fuera de su horario laboral. Tengamos en cuenta que las carreras populares van de su mano, que “A Coruña en el mar” va de su mano, que “A Coruña en forma” va de su mano.*

*Y también debe mejorar el estado de las oficinas del servicio, que se hallan en un estado de abandono y donde ni siquiera la señalética es adecuada. Y por supuesto, debe mejorar también esa práctica tan*



daniña ó interese público de dar por feito que o normal é que as concesións municipais caduquen e que se consuman as prórrogas legais cando non se vaya durante anos a situacións de prestación en precario do servizo. Vémolo no transporte urbano, vémolo nas concesións dos polideportivos, vémolos nas bibliotecas e podería seguir durante minutos. Recordemos que esta concesión das escolas deportivas caduca no mes de novembro.

E debe mellorar a xestión do servizo convocando cada ano as inscricións para as escolas e outorgando o dereito de matrícula de maneira que haxa rotación nas e nos usuarios e aumentando, claro, o número de prazas ofertadas.

En fin, debe mellorar tamén o trato que o Goberno lle dá ós traballadores e traballadoras dos servizos municipais que petan na porta para que se escoiten as súas demandas, pero que ven moitas veces como ninguén abre esa porta ou cando se abre, non se lles dan solucións ós seus problemas. Non son os únicos que se teñen queixado disto, eu creo que escoitar forma parte do mínimo de funcións dun goberno, escoitar, explicar e comprometerse, e isto non está sucedendo neste caso.

En fin, temos unha xestión do servizo que debe mellorar moito. Tomen vostedes este asunto en serio pois llo deben ás usuarias e usuarios, pero tamén ós traballadores. Grazas.

**Señor Vázquez Martínez**

Grazas, señor Soto.

*A ver, eu creo que hai dúas partes aquí, unha é o que é a xestión do servizo de escolas deportivas municipais que se realiza a través dun contrato coa empresa Serviplustotal SL e onde hai*

*dañina al interés público de dar por hecho que lo normal es que las concesiones municipales caduquen y que se consuman las prórrogas legales cuando no se vaya durante años a situaciones de prestación en precario del servicio. Lo vemos en el transporte urbano, lo vemos en las concesiones de los polideportivos, los vemos en las bibliotecas y podría seguir durante minutos. Recordemos que esta concesión de las escuelas deportivas caduca en el mes de noviembre.*

*Y debe mejorar la gestión del servicio convocando cada año las inscripciones para las escuelas y otorgando el derecho de matrícula de manera que haya rotación en las y en los usuarios y aumentando, claro, el número de plazas ofertadas.*

*En fin, debe mejorar también el trato que el Gobierno le da a los trabajadores y trabajadoras de los servicios municipales que petan en la puerta para que se escuchen sus demandas, pero que ven muchas veces como nadie abre esa puerta o cuando se abre, no se les dan soluciones a sus problemas. No son los únicos que se han quejado de esto, yo creo que escuchar forma parte del mínimo de funciones de un gobierno, escuchar, explicar y comprometerse, y esto no está sucediendo en este caso.*

*En fin, tenemos una gestión del servicio que debe mejorar mucho. Tomen ustedes este asunto en serio pues se lo deben a las usuarias y usuarios, pero también a los trabajadores. Gracias.*

**Señor Vázquez Martínez**

Grazias, señor Soto.

*A ver, yo creo que hay dos partes aquí, una es lo que es la gestión del servicio de escuelas deportivas municipales que se realiza a través de un contrato con la empresa Serviplustotal SL y donde hay una*



*unha serie de programas de escolas que van de outubro a xuño e outros programas de verán, como “Coruña en forma” ou como “Deporte na rúa” ou moitos más, non? Eu creo que desde ese punto de vista, e estou nun sitio, nun lugar onde están as escolas alí e teño contacto directo, bo pois con todos os usuarios, non? e fanme chegar continuamente, todos os días, pois os seus... as melloras que eles cren.*

**Ás trece horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

*Por unha banda, eu creo que é un éxito total o das escolas porque temos case 4.000 prazas de xestión directa, más de 9.000 coas que son de xestión indirecta, cunha ocupación do 94 % que decir, eu creo que é bo, eu creo que o podemos comprobar tanto o día do “Deporte na Rúa” como o día da cea do deporte onde, bo, cada..., eu creo que todos os grupos políticos que estamos alí podemos interactuar cos usuarios e ver que eu creo que estamos moi contentos, sobre todo con ellos, e si que é verdade que, bo, pois que todo é mellorable porque niso traballamos cada día, en mellorar a calidade das escolas deportivas municipais e desde ese punto de vista, pois nada que obxectar, pero eu creo que o resultado é moi positivo e a xente, bo, eu díolle que mo transmiten continuamente.*

*Si que é verdade que as maiores queixas, comentáballo un día, son as persoas de más de 65 anos que se cren que teñen 60 ou 55 e din que por que non poden ir a outras escolas, non? Pero bo, quero decir, sempre estou alí para que me fagan chegar calquera suxestión.*

*En relación co tema de prego, que efectivamente termina o 15 de novembro, quero dicirle que o prego das escolas*

*serie de programas de escuelas que van de octubre a junio y otros programas de verano, como “Coruña en forma” o como “Deporte na rúa” o muchos más, ¿no? Yo creo que desde ese punto de vista, y estoy en un sitio, en un lugar donde están las escuelas allí y tengo contacto directo, bueno pues con todos los usuarios ¿no? y me hacen llegar continuamente, todos los días, pues sus... las mejoras que ellos creen.*

**A las trece horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.**

*Por una parte, yo creo que es un éxito total lo de las escuelas porque tenemos casi 4.000 plazas de gestión directa, más de 9.000 con las que son de gestión indirecta, con una ocupación del 94 % que decir, yo creo que es bueno, yo creo que lo podemos comprobar tanto el día del “Deporte na Calle” como el día de la cena del deporte donde, bueno, cada..., yo creo que todos los grupos políticos que estamos allí podemos interactuar con los usuarios y ver que yo creo que estamos muy contentos, sobre todo con ellos, y sí que es verdad que, bueno, pues que todo es mejorable porque en eso trabajamos cada día, en mejorar la calidad de las escuelas deportivas municipales y desde ese punto de vista, pues nada que objetar, pero yo creo que el resultado es muy positivo y la gente, bueno, yo le digo que me lo transmiten continuamente.*

*Sí que es verdad que las mayores quejas, se lo comentaba un día, son las personas de más de 65 años que se creen que tienen 60 o 55 y dicen que por qué no pueden ir a otras escuelas, ¿no? Pero bueno, quiero decir, siempre estoy allí para que me hagan llegar cualquier sugerencia.*

*En relación con el tema de pliego, que efectivamente termina el 15 de noviembre, quiero decirle que el pliego de las escuelas*



*deportivas municipais atópase na súa fase final de redacción e a nosa previsión é poder licitalo antes de que finalice este ano. Neste proceso van valorar todas aquellas propostas que supoñan unha mellora do servizo co obxectivo de ofrecer unha oferta deportivo de maior calidade e máis adaptada ás necesidades da ciudadanía.*

*Quero subliñarlle, señor Soto, que o Concello sempre incorpora cláusulas sociais nos seus contratos e que ademais velamos polo respecto e a protección dos dereitos laborais das persoas traballadoras. Desde que Inés Rey asumió o Goberno municipal regularizáronse contratos que permanecían en situación de precariedade, desde 2012 e 2016, avanzando en estabilidade e seguridade para os profesionais.*

*En definitiva, o noso compromiso é claro: mellorar o servizo público, garantir condicións laborais dignas e ofrecer á ciudadanía unhas escolas deportivas municipais de gran calidade. Grazas.*

### **Presidencia**

Moitas grazas.

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre o mantemento dos centros educativos públicos de infantil e primaria da nosa cidade.**

### **Intervencións**

### **Presidencia**

Segunda pregunta do BNG sobre o mantemento dos centros educativos. Aquí non hai que votar nada. Señora Queixas.

### **Señora Queixas Zas**

deportivas municipales se encuentra en su fase final de redacción y nuestra previsión es poder licitarlo antes de que finalice el presente año. En este proceso se van a valorar todas aquellas propuestas que supongan una mejora del servicio con el objetivo de ofrecer una oferta deportivo de mayor calidad y más adaptada a las necesidades de la ciudadanía.

Quiero subrayarle, señor Soto, que el Concello siempre incorpora cláusulas sociales en sus contratos y que además velamos por el respeto y la protección de los derechos laborales de las personas trabajadoras. Desde que Inés Rey asumió el Gobierno municipal se han regularizado contratos que permanecían en situación de precariedad, desde 2012 y 2016, avanzando en estabilidad y seguridad para los profesionales.

En definitiva, nuestro compromiso es claro: mejorar el servicio público, garantizar condiciones laborales dignas y ofrecer a la ciudadanía unas escuelas deportivas municipales de gran calidad. Gracias.

### **Presidencia**

Muchas gracias.

**Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre el mantenimiento de los centros educativos públicos de infantil y primaria de nuestra ciudad.**

### **Intervenciones**

### **Presidencia**

Segunda pregunta del BNG sobre el mantenimiento de los centros educativos. Aquí no hay que votar nada. Señora Queixas.

### **Señora Queixas Zas**



Grazas, alcaldesa.

Con que grao de celeridade considera o señor Borrego que a súa concellería atende o mantemento dos colexios da Coruña?

**Señor Borrego Vázquez**

A Concellería de Educación atende con rapidez as necesidades de mantemento mediante un sistema informático que rexistra no momento a incidencia que lle plantexan desde os centros escolares.

**Señora Queixas Zas**

Realmente, señor Borrego, concordará conigo con este refrán popular que di que o tempo non pasa en balde, sabémolo perfectamente os dous, e a falta de mantemento dos colexios da cidade, cronificada en moitos casos desde hai anos, non pasa en balde, é fácil de comprobar, e ademais o peor é que a sufren as comunidades educativas día tras día durante moitísimos meses ó longo do curso escolar. Se vostede visitase os colexios con regularidade, decataríase disto, de que, efectivamente, o tempo, o paso do tempo pasa factura.

Por iso eu lle pregunto, señor concelleiro de Educación, cando visita os colexios públicos da cidade da Coruña, que sente? Porque eu o que sinto e o que sentimos no BNG cando os visitamos é tristeza, mesmo ás veces, teño que decir, vergoña allea ó ver o deterioro cronificado, ó ver a desatención deste goberno local en moitos casos, insisto, desde hai anos, porque para nós, para o BNG a escola debe ter unha atención prioritaria e estratéxica, un eixo estratéxico, en calquera acción de goberno municipal, mais o certo, insisto, é que o que comprobamos nas visitas é que isto non é así. Mesmo chegamos a dubidar nalgún

*Gracias, alcaldesa.*

*¿Con qué grado de celeridad considera el señor Borrego que su concejalía atiende el mantenimiento de los colegios de A Coruña?*

**Señor Borrego Vázquez**

*La Concejalía de Educación atiende con rapidez las necesidades de mantenimiento mediante un sistema informático que registra en el momento la incidencia que le plantean desde los centros escolares.*

**Señora Queixas Zas**

*Realmente, señor Borrego, concordará conmigo con este refrán popular que dice que el tiempo no pasa en vano, lo sabemos perfectamente los dos, y la falta de mantenimiento de los colegios de la ciudad, cronificada en muchos casos desde hace años, no pasa en vano, es fácil de comprobar, y además lo peor es que la sufren las comunidades educativas día tras día durante muchísimos meses a lo largo del curso escolar. Si usted visitara los colegios con regularidad, se enteraría de esto, de que, efectivamente, el tiempo, el paso del tiempo pasa factura.*

*Por eso yo le pregunto, señor concejal de Educación, cuando visita los colegios públicos de la ciudad de A Coruña, ¿qué siente? Porque yo lo que siento y lo que sentimos en el BNG cuando los visitamos es tristeza, incluso a veces, tengo que decir, vergüenza ajena al ver el deterioro cronificado, al ver la desatención de este goberno local en muchos casos, insisto, desde hace años, porque para nosotros, para el BNG la escuela debe tener una atención prioritaria y estratégica, un eje estratégico, en cualquier acción de goberno municipal, pero lo cierto, insisto, es que lo que comprobamos en las visitas es que esto no es así. Incluso llegamos a*



momento se vostede dimitiu das súas funcións ó non ter convocado de forma ordinaria unha ferramenta de participación tan importante neste ámbito como é o Consello Escolar Municipal. No curso pasado só o convocou unha vez, cando debería ter sido un mínimo de tres ou incluso catro para ir valorando e acompañando a marcha do curso académico.

Evidentemente, somos conscientes no BNG de que o Goberno de Inés Rey coñece perfectamente as súas competencias á hora de responsabilizarse do mantemento ordinario dos colexios públicos da cidade, por iso non se entende que as familias do Colexio Cidade Vella teñan que poñer miles de euros do seu peto para pintar espazos comúns, deteriorados e aulas do centro, ou amañar coas súas mans a perigosa rampa de acceso ó colexio, facer limpeza de zonas totalmente insalubres ou mesmo chegar a encargar un informe de cal é o estado do colexio para valorar a necesidade de afrontar unha reforma integral. Tampouco se entende que o alumnado do CEIP Prácticas conviva continuamente, este curso tamén, con humidades nas súas aulas que cada vez van a máis, cunha instalación eléctrica defectuosa, cun baño próximo ó comedor que está inutilizado desde o curso pasado, coas ábores sen podar ou co enreixado do patio cheo de ferruxo.

Despois deste titular que nos deu este verán o concelleiro de Cultura de que quen queira grupos de nivel que os pague, non queremos pensar que o obxectivo deste goberno municipal sexa quen queira escola pública de nivel que a pague.

Para alén do que é competencia do Goberno de Inés Rey, hai outras deficiencias que, efectivamente, son da súa incumbencia e que, polo tanto, lle

*dudar en algún momento si usted dimitió de sus funciones al no haber convocado de forma ordinaria una herramienta de participación tan importante en este ámbito como es el Consejo Escolar Municipal. En el curso pasado solo lo convocó una vez, cuando debería haber sido un mínimo de tres o incluso cuatro para ir valorando y acompañando la marcha del curso académico.*

*Evidentemente, somos conscientes en el BNG de que el Gobierno de Inés Rey conoce perfectamente sus competencias a la hora de responsabilizarse del mantenimiento ordinario de los colegios públicos de la ciudad, por eso no se entiende que las familias del Colegio Ciudad Vieja tengan que poner miles de euros de su bolsillo para pintar espacios comunes, deteriorados y aulas del centro, o arreglar con sus manos la peligrosa rampa de acceso al colegio, hacer limpieza de zonas totalmente insalubres o incluso llegar a encargar un informe de cuál es el estado del colegio para valorar la necesidad de afrontar una reforma integral. Tampoco se entiende que el alumnado del CEIP Prácticas conviva continuamente, este curso también, con humedades en sus aulas que cada vez van a más, con una instalación eléctrica defectuosa, con un baño próximo al comedor que está inutilizado desde el curso pasado, con los áboles sin podar o con el enrejado del patio lleno de herrumbre.*

*Después de este titular que nos dio este verano el concejal de Cultura de que quien quiera grupos de nivel que los pague, no queremos pensar que el objetivo de este gobierno municipal sea quien quiera escuela pública de nivel que la pague.*

*Al margen de lo que es competencia del Gobierno de Inés Rey, hay otras deficiencias que, efectivamente, son de su incumbencia y que, por lo tanto, le*



corresponde a este goberno local ser moi exixente coa Xunta de Galiza como administración responsábel de velar pola educación pública de calidade en Galiza e, por suposto, pois tamén na Coruña. Por iso non podemos entender o silencio do Goberno de Inés Rey ante un novo curso que comeza, como dixen antes, con menos profesorado que o anterior, cando hai máis alumnado e sobre todo máis necesidades educativas que atender, unha marca do estilo Rueda, do Goberno do Partido Popular na Xunta, cargado de falta de humanidade que deixa nenos e nenas con discapacidade e con necesidades educativas varias completamente desatendidos nos colexios públicos da Coruña, e isto, como dixen antes, está a acontecer en diferentes centros da Coruña, agora mesmo, neste momento, en diferentes aulas dos colexios públicos da nosa cidade (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**). Convido os dous grupos municipais, o Popular e o Socialista, a que os visiten. Poden comezar polo Colexio Concepción Arenal, que esta mesma mañá se concentraba en demanda do profesorado que precisan e que recortou o Partido Popular dende a Xunta para atender a totalidade do alumnado que teñen con discapacidades e con necesidades educativas diferentes, para que garantan —volvo insistir— o dereito á educación en equidade e igualdade. Non están pedindo privilexios, están pedindo que se garanta un dereito fundamental como é a educación desde a escola pública. Explíquenlle, señorías do Partido Popular, ás familias por que este curso os seus fillos e fillas teñen menos atención educativa do que tiñan o curso pasado. Explíquenlle por que o profesorado se ve obrigado a priorizar (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) a atención dunha parte do alumnado e ter que excluír a outros, con profunda dor de corazón. Ou

*corresponde a este gobierno local ser muy exigente con la Xunta de Galicia como administración responsable de velar por la educación pública de calidad en Galicia y, por supuesto, pues también en A Coruña. Por eso no podemos entender el silencio del Gobierno de Inés Rey ante un nuevo curso que comienza, como dije antes, con menos profesorado que el anterior, cuando hay más alumnado y sobre todo más necesidades educativas que atender, una marca del estilo Rueda, del Gobierno del Partido Popular en la Xunta, cargado de falta de humanidad que deja niños y niñas con discapacidad y con necesidades educativas varias completamente desatendidos en los colegios públicos de A Coruña, y esto, como dije antes, está aconteciendo en diferentes centros de A Coruña, ahora mismo, en este momento, en diferentes aulas de los colegios públicos de nuestra ciudad (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención). Invito los dos grupos municipales, el Popular y el Socialista, a que los visiten. Pueden comenzar por el Colegio Concepción Arenal, que esta misma mañana se concentraba en demanda del profesorado que necesitan y que recortó el Partido Popular desde la Xunta para atender a la totalidad del alumnado que tienen con discapacidades y con necesidades educativas diferentes, para que garanticen —vuelvo a insistir— el derecho a la educación en equidad e igualdad. No están pidiendo privilegios, están pidiendo que se garantice un derecho fundamental como es la educación desde la escuela pública. Explíquenles, señorías del Partido Popular, a las familias por qué este curso sus hijos y hijas tienen menos atención educativa del que tenían el curso pasado. Explíquenles por qué el profesorado se ve obligado a priorizar (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) la atención de una parte del alumnado y tener que excluir a otros, con profundo dolor de corazón. O mejor que*



mellor que explicárllelo, recuperen un mínimo de sensibilidade, de empatía, de humanidade e de dignidade, actúen e demostren que o ensino público é competencia duns e responsabilidade de todos.

**Señor Borrego Vázquez**

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, a ver, por partes, non? Primeiro, a resposta ante as incidencias nós traballámola desde o Servizo municipal de Educación en contacto directo, primeiro, co responsable do centro que é o director, pero iso non quita que non falemos tamén directamente moitas veces coas Anpas.

Segundo, as Anpas, que traballan moiísimo más do que deberan precisamente en competencias que non terían que asumir, moitas veces tamén colaboran pola súa conta precisamente na mellora de espacios ou en cuestiós incluso decorativas motu proprio, sen sequera tampouco contar con nós, o que nós tamén agradecemos, áinda que non sexa a súa labor.

Terceiro, non é unha visita anual nin é, vamos... O contacto cos colexios é diario, non só pola recepción de incidencias, senón tamén polas visitas.

Hai cuestiós que son bastante complexas, por exemplo, desde o ano 2022 estamos a falar de 8.000 incidencias, incidencias que son de todo tipo, desde arranxar unha billa ou reventar un muro porque hai unha filtración a un aula. Evidentemente, non todas se poden facer coa mesma celeridade. Só neste curso pasado fixéronse 2.300 actuacións nos 28 CEIP, unha escola de educación especial e oito escolas infantís. Repito: 28, más un, más oito, o que reflicte o esforzo que fai este

*explicárselo, recuperen un mínimo de sensibilidad, de empatía, de humanidad y de dignidad, actúen y demuestren que la enseñanza pública es competencia de unos y responsabilidad de todos.*

**Señor Borrego Vázquez**

Gracias, señora alcaldesa.

*Bueno, a ver, por partes, ¿no? Primero, la respuesta ante los incidentes nosotros la trabajamos desde el Servicio municipal de Educación en contacto directo, primero, con el responsable del centro que es el director, pero eso no quita que no hablemos también directamente muchas veces con las Ampas.*

*Segundo, las Ampas, que trabajan muchísimo más de lo que debieran precisamente en competencias que no tendrían que asumir, muchas veces también colaboran por su cuenta precisamente en la mejora de espacios o en cuestiones incluso decorativas motu proprio, sin siquiera tampoco contar con nosotros, lo que nosotros también agradecemos, aunque no sea su labor.*

*Tercero, no es una visita anual ni es, vamos... El contacto con los colegios es diario, no solo por la recepción de incidencias, sino también por las visitas.*

*Hay cuestiones que son bastante complejas, por ejemplo, desde el año 2022 estamos hablando de 8.000 incidencias, incidencias que son de todo tipo, desde arreglar un grifo o reventar un muro porque hay una filtración a un aula. Evidentemente, no todas se pueden hacer con la misma celeridad. Solo en este curso pasado se hicieron 2.300 actuaciones en los 28 CEIP, una escuela de educación especial y ocho escuelas infantiles. Repito: 28, más uno, más ocho, lo que refleja el esfuerzo que hace este ayuntamiento. Por*



concello. Por certo, un esforzo que igual agora tamén está ben que anunciamos, porque xa que se está falando de orzamentos, pois igual aí tamén hai que conquerir algo máis claro, evidentemente tendo claras as competencias, porque o que non é lóxico é que o Concello faga, por exemplo, o que fixo no Víctor López Seoane, que o fixo con moito cariño, pero foi cambiar completamente, construír unha nova pista, unha nova pista, un patio, unha pista polideportiva e arranxar un muro perimetral, bueno, pois cando non sería competencia nosa, ou montar a instalación eléctrica dos centros, que estamos montando, o último o Curros Enríquez, 150.000 €, porque a Xunta o que non para é de meter cortadoras láser, impresoras 3D, puntos de desenvolvemento creativo, que está moi ben, pero sen ter en conta nin sequera as instalacións, as condicionantes de potencia, etcétera, etcétera, etcétera, o cual leva despois ó colapso das instalacións. Ou por exemplo, reformas que estamos facendo, xa ultimando terceiras fases, terceiras fases, de envolventes en colexios porque durante anos a Xunta non fixo o que tiña que facer e foi este concello quen... non é mantemento, eso, eso é construír unha envolvente nun colexio.

Bueno, por suposto, a parte de apoio á comunidade educativa é total neste concello. Non hai que recordar que por exemplo, na última cuestión referida á folga das escolas infantís fomos quen de establecer uns servizos mínimos desde este concello precisamente nada restritivos comparados cos que plantexaba a Xunta de Galicia. Se fora da nosa competencia apoiar determinadas accións como as que se están facendo agora, pois tamén o fariamos como o facemos regularmente.

De aí tamén quero matizar, non?,

*cierto, un esfuerzo que igual ahora también está bien que anunciamos, porque ya que se está hablando de presupuestos, pues igual ahí también hay que conseguir algo más claro, evidentemente teniendo claras las competencias, porque lo que no es lógico es que el Ayuntamiento haga, por ejemplo, lo que hizo en el Víctor López Seoane, que lo hizo con mucho cariño, pero fue cambiar completamente, construir una nueva pista, una nueva pista, un patio, una pista polideportiva y arreglar un muro perimetral, bueno, pues cuando no sería competencia nuestra, o montar la instalación eléctrica de los centros, que estamos montando, el último el Curros Enríquez, 150.000 €, porque la Xunta lo que no para es de meter cortadoras láser, impresoras 3D, puntos de desarrollo creativo, que está muy bien, pero sin tener en cuenta ni siquiera las instalaciones, las condicionantes de potencia, etcétera, etcétera, etcétera, lo cual lleva después al colapso de las instalaciones. O por ejemplo, reformas que estamos haciendo, ya ultimando tercera fases, tercera fases, de envolventes en colegios porque durante años la Xunta no hizo lo que tenía que hacer y fue este ayuntamiento quien... no es mantenimiento, eso, eso es construir una envolvente en un colegio.*

*Bueno, por supuesto, la parte de apoyo a la comunidad educativa es total en este ayuntamiento. No hay que recordar que por ejemplo, en la última cuestión referida a la huelga de las escuelas infantiles fuimos capaces de establecer unos servicios mínimos desde este ayuntamiento precisamente nada restrictivos comparados con los que planteaba la Xunta de Galicia. Si fuera de nuestra competencia apoyar determinadas acciones como las que se están haciendo ahora, pues también lo haríamos como lo hacemos regularmente.*

*De ahí también quiero matizar, ¿no?,*



agradecerlle á señora López, que antes non llo dixen, que apoiara precisamente reivindicacións do Concepción Arenal, porque nas redes sociais si lle deu a “me gusta” precisamente ós actos que facía a comunidade educativa. Benvida tamén para o que é a reclamación á Xunta de Galicia dunha mellora educacional (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**).

Termino. O novo contrato vai cambiar xa unha tendencia que venía mellorando, vai cambiar completamente o concepto de reparación e mantemento, posto que duplica, como digo, inversión, ou sea, orzamento, duplica orzamento e praticamente duplica tamén as obrigas de persoal precisamente para resolver canto más rápido posible esas incidencias, moitas delas a veces imprevisibles, como é ter que arranxar un tellado dunha forma rarísima porque no seu momento, cando a Xunta de Galicia hai dous anos o fixo nun pavillón, por exemplo, interior do Eusebio da Guarda non lle puxo liña de vida, ou sexa, nin sequera cumplimos cos mínimos possibles para poder facer ben a nosa labor, pero o que está claro é que o esforzo de mantemento é grande neste concello, seguirá a facerse como está demostrado no orzamento e esperemos, pedíndolle disculpas tamén á comunidade educativa e ós directores porque igual vai un pouco lenta a cousa pero vai ser (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) un día e a noite o que suporá o novo contrato de mantemento.

Perdón e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

*agradecerle a la señora López, que antes no se lo dije, que apoyara precisamente reivindicaciones del Concepción Arenal, porque en las redes sociales sí le dio a “me gusta” precisamente a los actos que hacía la comunidad educativa. Bienvenida también para lo que es la reclamación a la Xunta de Galicia de una mejora educacional (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención).*

*Termino. El nuevo contrato va a cambiar ya una tendencia que venía mejorando, va a cambiar completamente el concepto de reparación y mantenimiento, puesto que duplica, como digo, inversión, o sea, presupuesto, duplica presupuesto y prácticamente duplica también las obligaciones de personal precisamente para resolver cuanto más rápido posible esos incidentes, muchas de ellas a veces imprevisibles, como es tener que arreglar un tejado de una forma rarísima porque en su momento, cuando la Xunta de Galicia hace dos años lo hizo en un pabellón, por ejemplo, interior del Eusebio de A Guarda no le puso línea de vida, o sea, ni siquiera cumplimos con los mínimos posibles para poder hacer bien nuestra labor, pero lo que está claro es que el esfuerzo de mantenimiento es grande en este ayuntamiento, seguirá haciéndose como está demostrado en el presupuesto y esperemos, pidiéndole disculpas también a la comunidad educativa y a los directores porque igual va uno poco lenta la cosa pero va a ser (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) un día y la noche lo que supondrá el nuevo contrato de mantenimiento.*

*Perdón y muchas gracias.*

**Presidencia**

*Muchas gracias.*



**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre o Mundial 2030.**

**Intervencións**

**Presidencia**

Terceira e última pregunta do BNG sobre o Mundial de Fútbol. Señor Soto.

**Señor Soto Díaz**

Ten o Goberno local algunha novidade para contarlle ás e ós coruñeses en relación ó Mundial 20-30?

**Señor Lage Tuñas**

Señor Soto, como lle terá escoitado á nosa alcaldesa nas últimas horas, cando haxa novidades darase conta delas. Quero dicir, o que se traballa, como se traballou previamente, é para intentar que esta cidade, pois poida cumplir cos seus obxectivos. Quero destacar, ademais, por comenzar por algo, que o primeiro paso non foi menor, é situar a cidade entre aquellas que foron seleccionadas para poder ser sede do Mundial, creo que é un traballo e unha tarefa feita que desde logo ten a súa relevancia. Estamos a falar de 2030, todos queremos ter certidume e o que lle podo decir é que cando haxa cousas que anunciar, pois supoño que imaxina que non llo vou a contar eu hoxe, non? Supoño que o entende.

**Ás trece horas e corenta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez.**

**Señor Soto Díaz**

Dicía onte a alcaldesa que lle gustaría que todas e todos remásemos xuntos na candidatura do Mundial 20-30. Nós, señora Rey, non teríamos problema en facelo, o noso problema é que non sabemos se nos toca remar nunha

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre el Mundial 2030.***

**Intervenciones**

**Presidencia**

*Tercera y última pregunta del BNG sobre el Mundial de Fútbol. Señor Soto.*

**Señor Soto Díaz**

*¿Tiene el Gobierno local alguna novedad para contarle a las y a los coruñeses en relación al Mundial 20-30?*

**Señor Lage Tuñas**

*Señor Soto, como le habrá escuchado a nuestra alcaldesa en las últimas horas, cuando haya novedades se dará cuenta de ellas. Quiero decir, lo que se trabaja, como se trabajó previamente, es para intentar que esta ciudad, pues pueda cumplir con sus objetivos. Quiero destacar, además, por comenzar por algo, que el primer paso no fue menor, es situar la ciudad entre aquellas que fueron seleccionadas para poder ser sede del Mundial, creo que es un trabajo y una tarea hecha que desde luego tiene su relevancia. Estamos hablando de 2030, todos queremos tener certidumbre y lo que le puedo decir es que cuando haya cosas que anunciar, pues supongo que imagina que no se lo voy a contar yo hoy, ¿no? Supongo que lo entiende.*

***A las trece horas y cuarenta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez.***

**Señor Soto Díaz**

*Decía ayer la alcaldesa que le gustaría que todas y todos remáramos juntos en la candidatura del Mundial 20-30. Nosotros, señora Rey, no tendríamos problema en hacerlo, nuestro problema es que no sabemos si nos toca remar en una trainera*



traiñeira que compite para gañar unha bandeira ou se estamos alxemados na cuberta dunha galera. O que sei que é peor é que nin tan sequera sabemos cara a onde estariamos remando.

Hai apenas catro meses nós trouxemos o estado desta candidatura a este pleno e denunciamos o escurantismo do proceso, e fixemos fincapé en que o Goberno local tiña que dialogar co resto de grupos municipais, coas entidades deportivas da cidade, co Deportivo como concesionario do estadio, con outras administracións públicas, pero sobre todo dialogar coa veciñanza coruñesa.

É certo, e é de agradecer, que por unha vez a Xunta se vaia comprometer, entendemos que financeiramente, co proxecto, como ben indicou no vídeo de onte o señor García. Por certo, creo que á veciñanza da Coruña gustaríalle moito que o Grupo municipal do PP indicase hoxe canto diñeiro vai poñer ou en que porcentaxe, ou en que se materializará esa colaboración anunciada. En calquera caso, nestes catro meses non houbo ningunha noticia e os interrogantes siguen crecendo. En que vai consistir a reforma? Cando se vai licitar? Como se van executar as obras? Canto diñeiro vai aportar o Concello, canto a Xunta?

O certo é que non sabemos nada e as comparacións son odiosas. Onte declaraba o señor Castro que nas Palmas de Gran Canaria o proxecto vai máis atrasado, e é falso. Nas Palmas as obras van comezar este mes de outubro e sábese exactamente en que van consistir, e sábese xa dende mediados de xullo e así foi publicado pola prensa local da cidade. Se miramos para Zaragoza, dende comezos de setembro sábese perfectamente en que van consistir as obras, cal é o prezo da execución e ata

*que compite para ganar una bandera o si estamos alxemados en la cubierta de una galera. Lo que sé que es peor es que ni tan siquiera sabemos hacia dónde estaríamos remando.*

*Hace apenas cuatro meses nosotros trajimos el estado de esta candidatura a este pleno y denunciamos el oscurantismo del proceso, e hicimos hincapié en que el Gobierno local tenía que dialogar con el resto de grupos municipales, con las entidades deportivas de la ciudad, con el Deportivo como concesionario del estadio, con otras administraciones públicas, pero sobre todo dialogar con el vecindario coruñés.*

*Es cierto, y es de agradecer, que por una vez la Xunta se vaya a comprometer, entendemos que financieramente, con el proyecto, como bien indicó en el vídeo de ayer el señor García. Por cierto, creo que al vecindario de A Coruña le gustaría mucho que el Grupo municipal del PP indicara hoy cuánto dinero va a poner o en qué porcentaje, o en qué se materializará esa colaboración anunciada. En cualquiera caso, en estos cuatro meses no hubo ninguna noticia y los interrogantes siguen creciendo ¿En qué va a consistir la reforma? ¿Cuándo se va a licitar? ¿Cómo se van a ejecutar las obras? ¿Cuánto dinero va aportar el Ayuntamiento, cuánto la Xunta?*

*Lo cierto es que no sabemos nada y las comparaciones son odiosas. Ayer declaraba el señor Castro que en las Palmas de Gran Canaria el proyecto va más atrasado, y es falso. En las Palmas las obras van a comenzar este mes de octubre y se sabe exactamente en qué van a consistir, y se sabe ya desde mediados de julio y así fue publicado por la prensa local de la ciudad. Si miramos a Zaragoza, desde comienzos de septiembre se sabe perfectamente en qué van a consistir las obras, cuál es el precio de la ejecución y*



onde vai xogar o equipo local durante as obras. Se imos ata Donosti, tamén saben xa en que van consistir as obras, canto tempo van durar e canto van custar, e sábeno dende o mes pasado. En Sevilla xa saben tamén en que van consistir as obras e mesmo o calendario de execución dende o mes pasado. É necesario que siga con Madrid e con Barcelona?

Eu xa sei que o que me contestaría o señor Castro, que normalmente é quen atende estas preguntas. Diríame que o BNG está contra o Mundial, que o PP e o PSOE están a favor igual que a inmensa maioría da cidade, etcétera, etcétera, etcétera. Señor Castro, permítame dicirle que no BNG estamos simplemente pola información de que se pretende facer, en que prazos e como se vai financiar. Vostedes dan por feito un apoio cego desta cidade á súa acción de goberno. Nós preferimos más cautela e humildade, unha cautela e humildade que pasa por pedir información para poder entender e valorar o proxecto sen caer en posicionamentos precipitados que non teñen en conta as vantaxes e desvantaxes do proxecto... que teñan en conta, perdón, as vantaxes e desvantaxes do proxecto, pero unha cautela e humildade que nos leva tamén a apostar por escouitarmos á veciñanza para coñecer as súas preferencias, é dicir, se queren reformar o estadio e o ven como prioritario, en que sentido lles gustaría que fose, de que usos novos quererían dotalo ou quen quererían que se ocupase da xestión e a cambio de que.

Vostedes, como digo, dan todo por iso feito, dan por feito o apoio a cegas da veciñanza e iso lévaos a actuar con a arrogancia con que nos respondieron á nosa pregunta de hai catro meses. Nós non imos responder con arrogancia nin con acusacións veladas, da mesma maneira que non contestamos as

*hasta dónde va a jugar el equipo local durante las obras. Si vamos hasta Donosti, también saben ya en qué van a consistir las obras, cuánto tiempo van a durar y cuánto van a costar, y lo saben desde el mes pasado. En Sevilla ya saben también en qué van a consistir las obras e incluso el calendario de ejecución desde el mes pasado. ¿Es necesario que siga con Madrid y con Barcelona?*

